


LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión celebrada o día dezanove de xullo de dous mil once, aprobou o Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Botánica, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a vinte de xullo de dous mil once, co visto e prace do sr. reitor.

Vº e prace
O reitor



Juan J. Casares Long



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE BOTÁNICA

(Aprobado polo Consello de Departamento o 8 de Abril de 2011)

TÍTULO PRELIMINAR

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA E FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Da estrutura do Departamento

Capítulo 2. Das funcións do Departamento

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Do Consello do Departamento

Capítulo 2. Da Comisión Permanente

Capítulo 3. Do/a director/a

Capítulo 4. Da/o secretaria/o

TÍTULO III. DA DOCENCIA

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

TÍTULO V. DO PERSOAL

TÍTULO VI. DO RÉXIME ECONÓMICO

TÍTULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Definición

O Departamento de Botánica é o órgano básico encargado da programación e do desenvolvemento do ensino e de apoio á investigación na área de coñecemento do mesmo nome.

Artigo 2. Réxime xurídico

O Departamento rexerá polo presente regulamento de réxime interno, no que se determinan os distintos aspectos do seu funcionamento, segundo o disposto na lexislación universitaria (Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, de universidades) e nos Estatutos da Universidade de Santiago (Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, no que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela).

Artigo 3. Sede

A sede do Departamento situarase no edificio habitual de traballo do seu Director ou Directora, sen prexuízo de que a adscrición administrativa corresponda á Facultade de Bioloxía.

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Da estrutura do Departamento

Artigo 4. Órganos do Departamento

1. Son órganos de dirección (colexiados e unipersoais) do Departamento de Botánica:

- O Consello de Departamento,
- O/a director/a
- O/a secretario/a.

2. De acordo co previsto no artigo 108.2 dos Estatutos da USC, establécese no presente regulamento unha Comisión Permanente. O Consello de Departamento poderá establecer outras comisións delegadas, estables ou temporais, determinando as súas competencias e funcións.

Capítulo 2. Das funcións do Departamento

Artigo 5. Funcións do Departamento

Son funcións do Departamento:

1. A programación, desenvolvemento, seguimento e coordinación das ensinanzas propias da área de coñecemento de Botánica, de acordo coa organización xeral dos centros nos que estas se imparten

2. A distribución e asignación ó profesorado da docencia das materias dentro da súa área de coñecemento, conforme ós criterios que estableza o Consello de Departamento.
3. As iniciativas para fomentar, organizar e desenvolver a investigación e a innovación docente relativas ás especialidades que imparta., favorecendo a formación do PDI cara a súa actualización científica e pedagóxica.
4. A coordinación da actividade investigadora realizada polos membros do Departamento, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
5. O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento así como do cadro de persoal do Departamento, da súa actividade docente e xestión.
6. A promoción para o desenvolvemento de traballos de carácter científico ou técnico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización e perfeccionamento.
7. A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación das prazas de persoal docente e investigador, así como de ser o caso, a proposta das comisións encargadas de resolvelas.
8. A elaboración e seguimento da planificación estratéxica do Departamento.
9. A participación nos procedementos de avaliación da calidade das actividades de docencia e investigación, así como nos de certificación e acreditación que afecten a ditas actividades.
10. A participación na elaboración dos planos de estudo sempre que así llo soliciten os centros responsables e a elaboración dos planos de organización docente (POD) nas materias da súa competencia.
11. O fomento da coordinación e da cooperación con outros Departamentos nos aspectos que lles sexan comúns.
12. As iniciativas que faciliten o intercambio de docentes entre Universidades e Centros de Investigación así como a visita de profesores estranxeiros.
13. A promoción, no desenvolvemento da súa actividade docente e investigadora e vinculación coa sociedade galega.
14. A programación e asignación dos seus medios e recursos, así como o coidado e mantemento dos seus bens, espazos, equipos e instalacións.
15. Calquera outra actividade encamiñada ó axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos, incluíndo a iniciativa de solicitude de prazas de persoal ós órganos que correspondan.

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Do Consello do Departamento

O Consello de Departamento é o órgano superior de goberno do mesmo.

Artigo 6. Composición do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os doutores membros do departamento.
- b) O profesorado e axudantes sen título de doutor a tempo completo.
- c) O resto de persoal docente e investigador a tempo parcial e investigadores en formación e perfeccionamento, sempre que non excedan do 10% do total de membros.
- d) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, elixidos cada dous anos, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantado de primeiro e segundo ciclo e o 15% a estudantado de terceiro ciclo.
- e) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 7. Elección de representantes no Consello de Departamento

1. A convocatoria para a elección dos membros do Consello de Departamento será realizada pola Comisión Electoral Central da Universidade de Santiago de Compostela. Os membros elixidos dos órganos colexiados serano por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dos seus respectivos colexios electorais.

2. Para a elección de representantes no Consello de Departamento seguirase a normativa electoral ó respecto da USC.

Artigo 8. Competencias do Consello de Departamento.

Corresponderalle ó Consello de Departamento:

- a) A elección do/a director/a e, de ser o caso, a proposta ó reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) A planificación e coordinación da actividade docente e a coordinación da actividade investigadora do departamento, así como o control do seu cumprimento.
- c) A validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.
- d) A formulación das demandas de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de posgrao, e a

información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.

e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo departamento.

f) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno así como a súa modificación.

g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

h) A promoción do perfeccionamento da docencia.

i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente.

j) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.

k) O informe dos proxectos de teses de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras das devanditas teses.

l) A adopción das decisións que a normativa vixente lle atribúa sobre os estudos de doutoramento.

m) A aprobación do orzamento e do balance anual de peche de exercicio.

n) A elaboración da Memoria de actividades docentes e investigadoras do Departamento, coa periodicidade e na forma que así o acorde o Consello de Goberno da USC.

ñ) A información sobre as solicitudes de complementos retributivos previstas no Real Decreto 1086/1989, de 28 de Agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, así como outras similares que poidan ser convocadas.

o) A proposición de nomeamento de Doutores Honoris Causa así como de outros méritos que contempla a USC (Ad honorem).

p) A resolución das reclamacións inherentes a asuntos académicos propios da súa competencia.

q) Calquera outra competencia que lle atribúan estes estatutos ou a lexislación vixente.

Artigo 9. Funcionamento do Consello de Departamento.

1. O Consello de Departamento celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria cada trimestre do ano lectivo.

2. A convocatoria das sesións ordinarias será realizada polo/a director/a e nela deberá constar: lugar de reunión, data, hora e orde do día. As sesións poderán

establecerse a través de videoconferencia entre o Campus de Lugo e o Campus de Santiago. A convocatoria deberá ser notificada, cando menos, cunha antelación de cinco días hábiles. A convocatoria de reunión non deberá realizarse para días inhábiles e non lectivos na USC. Considerarase como medio ordinario de notificación o correo electrónico dirixido ó enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.

3. O Consello de Departamento poderá reunirse con carácter extraordinario, calquera día hábil, cando a importancia ou urxencia do/s asunto/s que se vaia/n tratar así o requira, ben por iniciativa do/a director/a ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste último caso deberase cursar á dirección do Departamento unha solicitude de convocatoria debidamente razoada, facendo constar nela o/s tema/s que se va/n tratar, e asinada pola totalidade dos demandantes. A convocatoria extraordinaria deberá ser notificada, cando menos, con 48 horas de antelación, correspondentes a días hábiles.

4. A documentación relativa ós asuntos que se van tratar remitirase coa convocatoria ou estará a disposición dos membros do Consello na secretaría do Departamento desde o momento da convocatoria.

5. A orde do día será elaborada polo/a director/a do Departamento, asistido polo/a seu/súa secretario/a. Tamén se incluírán na orde do día os puntos que, previamente á convocatoria, solicite calquera dos membros do Consello e sexan de interese para os seus membros.

6. O Consello de Departamento constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade máis un dos seus membros e en segunda, que se celebrará media hora despois, cos membros presentes. En todo caso, é necesaria a asistencia do director/a e do/a secretario/a ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.

7. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes a totalidade dos membros do Consello de Departamento e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

8. O Consello de Departamento poderá invitar asistir ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria que poida aportar información de interese para o Departamento ou resultar afectado polos acordos que se adopten, se así o solicita.

9. As decisións poderanse tomar por asentimento ou por votación. Para axilizar o procedemento, as votacións poderán ser públicas e a man alzada, ou secretas cando o solicite calquera dos membros do Consello. Serán secretas, en todo caso, cando afecten a persoas concretas.

10. Se unha vez debatido un punto da orde do día procede a votación, só os presentes poderán participar. A votación decidírase por maioría simple, excepto nos casos en que a normativa de aplicación impoña outras maiorías.

11. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a director/a do Departamento.

12. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular un voto particular por escrito no prazo de 48 horas, voto que se incorporará ó texto aprobado.

13. Non se admitirá a delegación de voto, nin en membros do Consello nin en persoas alleas ó mesmo. Tampouco será admitido o voto anticipado.

14. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.

15. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno da Universidade.

16. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión ordinaria do Consello de Departamento.

17. O Consello de Departamento arbitrará os mecanismos necesarios para que os seus membros estean puntualmente informados dos acordos que se adopten, tanto no seu pleno como nas comisións.

Capítulo 2. Da Comisión Permanente

Artigo 10. Composición da Comisión Permanente

1. De acordo co previsto no artigo 9g do presente regulamento, establécese unha Comisión Permanente integrada por membros do Consello de Departamento tal como se indica a continuación:

- a) O/A director/a, quen a presidirá, e a/o secretaria/o do Departamento.
- b) Tres representantes dos profesores do Departamento, garantindo que polo menos un deles teña a docencia maioritaria no Campus de Lugo e outro no Campus de Santiago.
- c) Un representante dos investigadores contratados ou en formación.
- d) Un representantes do estudantado.

Artigo 11. Elección de representantes na Comisión Permanente

1. A elección de representantes na Comisión Permanente terá lugar en sesión de Consello de Departamento convocada polo/a director/a.

2. Os representantes dos profesores, investigadores e estudantado serán propostos por cada un dos sectores e ratificados polo Consello de Departamento. De non existir proposta dalgún sector, a Comisión Permanente non terá representantes del ata a súa renovación.

3. Os membros da Comisión Permanente serán elixidos por un período dous anos, convocándose eleccións inmediatamente despois do nomeamento dun novo Director ou Directora.

4. Os membros da Comisión Permanente cesarán por vontade propia, así como no momento en que perderan a súa condición de membros da mesma, ó deixar de cumprir os requisitos do sector que os elixiu, ou ben debido a falta inxustificada de asistencia a polo menos un 60% das reunións convocadas nun

ano. Para cubrir os postos vacantes aplicarase o contemplado no puntos 4 do artigo 8 do presente Regulamento.

Artigo 12. Competencias da Comisión Permanente

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados polo Consello de Departamento.
- c) A redacción das normativas relacionadas co Departamento previa a súa presentación no Consello de Departamento para ser debatidas e aprobadas.
- d) Axilizar acordos que lle foran demandados con urxencia por órganos superiores.
- e) Elaborar informes para a solicitude de complementos retributivos.
- f) Elaborar informes sobre as Teses de Doutoramento e propostas de comisións xulgadoras das mesmas.
- g) Resolver as reclamacións inherentes a asuntos académicos que non sexan competencia exclusiva do Consello de Departamento.
- h) Asesorar en todas as cuestións que o/a director/a do Departamento lle formule no exercicio das súas competencias.

Artigo 13. Funcionamento da Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente reunirse por convocatoria do/a director/a ou pola solicitude dun terzo dos seus membros. Nela deberá constar: lugar de reunión, data, hora e orde do día. A convocatoria deberá ser notificada, cando menos, con 48 horas de antelación, correspondentes a días hábiles. Considérase como medio ordinario de notificación o correo electrónico dirixido ó enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC. O lugar da reunión poderá establecerse intercampus mediante conexión por videoconferencia.

2. A Comisión Permanente poderá reunirse de xeito inmediato e urxente, se así llo demanda un órgano superior, sempre que poida constituírse validamente.

3. A Comisión Permanente constituirase validamente coa presenza da metade dos seus membros mais o/a director/a que a preside e o/a secretario/a. En segunda convocatoria o quórum establecerase cun terzo dos seus membros. En todo caso, é necesaria a asistencia do/a director/a e da/o secretaria/o ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.

4. Os apartados do 8 ó 13 do artigo 10 aplicaranse tamén ó funcionamento da Comisión Permanente.

5. O/A secretario/a levantará acta de cada reunión da Comisión Permanente.

6. O/A director/a do Departamento informará ó Consello de Departamento na primeira sesión ordinaria que este celebre, con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todos os actos e acordos da Comisión Permanente que deberán ser aprobados polo mesmo.

Capítulo 3. Do/a director/a

Artigo 14. Do/a director/a

1. O/A director/a representa ó Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. O/A director/a do Departamento de Botánica será elixido polo Consello de Departamento entre os profesores doutores con vinculación permanente e con adicación a tempo completo, correspondendo ó Reitor/a o seu nomeamento segundo o procedemento establecido no regulamento electoral xeral.
3. O mandato do/a director/a do Departamento será de catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.
4. No caso de ausencia ou enfermidade, o/a director/a será substituído de xeito accidental por un membro do Departamento designado polo/a director/a, que reúna os requisitos esixidos para ser director/a e, no seu defecto, polo de maior antigüidade.
5. As decisións do/a director/a do Departamento adoptarán a forma de resolucións.
6. As resolucións do/a director/a do Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o reitor da Universidade.
7. O/A director/a do Departamento cesará ó remate do seu mandato, por dimisión ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva. aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

Artigo 15. Revogamento do/a director/a

1. O/A director/a do Departamento poderá ser revogado mediante moción de censura construtiva.
2. A moción de censura, para ser tramitada, deberá estar asinada por un terzo dos membros do Consello de Departamento, e incluír o nome dun candidato alternativo, que debe cumprir os requisitos esixidos para ser director/a.
3. Cando concorran estas circunstancias, procederase do seguinte xeito:
 - a) O/A director/a convocará unha sesión extraordinaria de Consello de Departamento, con este único punto da orde do día, que se celebrará nun prazo máximo de dez días lectivos.
 - b) Tanto o candidato proposto como o/a director/a, disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Tras o oportuno debate, procederase á votación nominal e secreta.
 - c) Se a moción de censura obtivese o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento, será proclamado/a director/a a/o candidata/o proposta/o na moción de censura.
 - d) Se a moción de censura non acadase a maioría absoluta considerarase rexeitada e os seus asinantes non poderán presentar outra durante o resto do período de mandato do/a director/a.

Artigo 16. Competencias do/a director/a

1. Son competencias do/a director/a do Departamento:

- a) A presidencia e a convocatoria do Consello de Departamento, a Comisión Permanente así como das outras comisións que o Consello establecese.
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ó reitor do nomeamento da/o secretaria/o do Departamento.
- f) O desenvolvemento da planificación estratéxica do Departamento.
- g) A toma de decisións necesarias para garantir a docencia en casos de ausencias imprevistas dalgún profesor/a, poñendo en xogo todos os recursos de persoal do Departamento.
- h) Garantir que o Departamento tome os acordos necesarios sobre temas da súa competencia. En ausencia de ditos acordos será o/a director/a do Departamento quen ditará as resolucións que os suplan.
- i) Velar polos resultados académicos das materias que imparte o Departamento.
- j) Recibir a información por parte dos membros do Departamento que sexan representantes nas comisións delegadas das Xuntas de Facultade/Escola, dos acordos que se tomen en cada sesión e que afecten ó Departamento de Botánica ou a algún dos seus membros.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

Capítulo 4. Do/a secretario/a

Artigo 17. Do/a secretario/a

1. O/A secretario/a será nomeado/a polo reitor, tras a proposta do/a director/a, entre o profesorado do Departamento.
2. O/A secretario/a cesará por decisión do reitor, logo da proposta do/a director/a do Departamento, ou a petición propia.

Artigo 18. Competencias do/a secretario/a

O/A secretario/a do Departamento é quen da fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento.

Son funcións do/a Secretario/a:

1. Recibir os actos de comunicación dos membros co Consello e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

2. Levantar acta das sesións do Consello de Departamento e da Comisión Permanente.
3. Imprimir as actas no papel oficial do Departamento, recompilalas anualmente e remitilas á imprenta da Universidade de Santiago de Compostela para a súa encadernación e foliado.
4. Custodiar os libros de actas que estarán ó dispor de calquera membro do Departamento salvo aqueles que, pola súa antigüidade, remitíranse ó Arquivo Histórico para a súa conservación e custodia.
5. Expedir certificacións das consultas, ditámenes e acordos aprobados e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento.
6. Redactar todos cantos escritos de carácter administrativo lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director/a.
7. Cantas outras funcións que lle delegue o/a director/a, lle encomenden os Estatutos da USC, ou a lexislación vixente.
8. No suposto de imposibilidade de asistencia por parte do secretario, será substituído, con carácter accidental por un membro do Consello de Departamento designado polo/a Director /a ou, no seu defecto, polo profesor doutor de menor antigüidade.

TÍTULO III. DA DOCENCIA

Artigo 19. Da docencia

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida a formación integral e crítica do estudantado e á preparación para o exercicio da súa actividade profesional.
2. A docencia é un dereito e un deber do profesorado do Departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da USC.
3. O Departamento é responsable da docencia das materias adscritas á área de Botánica nas distintas titulacións nas que imparte as súas ensinanzas e segundo a normativa aprobada polo Consello de Goberno.
4. Na asignación de materias e na programación académica das mesmas terase en conta o disposto pola normativa universitaria correspondente, en particular a normativa para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes.
5. O Consello de Departamento aprobará anualmente, e conforme estableza a propia USC, a proposta de planificación da súa actividade docente para a súa remisión á/s vicerreitoría/s con competencias ó respecto. Nesta proposta deberá fixar e publicar o programa das materias ó seu cargo e o réxime de titorías do Profesorado. Os programas das materias serán elaborados con especial atención ás peculiaridades de cada Centro e do currículo necesario para os estudantes. Tenderase á unificación dos programas cando unha mesma materia se imparta en varios Centros.
6. O Consello de Departamento poderá propoñer as actividades docentes que poden realizar os profesores visitantes, eméritos ou *ad honorem*, que poderán estar dirixidas principalmente á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización, conforme á normativa que sexa de aplicación.

7. O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos. Corresponderá ó Consello de Departamento aprobar ditas actividades así como o seu orzamento.

8. Os profesores que desexen organizar ou impartir seminarios, conferencias, cursos ou congresos cursos, congresos, sen cargo ós créditos do Departamento, deberán comunicarllo ó Director/a. Ditas actividades poderán figurar así na Memoria Anual do Departamento.

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

Artigo 20. Da investigación

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia do coñecemento á sociedade. Para este efecto, promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación, e a cultura emprendedora.

2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do Departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.

3. O Departamento acolle diferentes grupos de investigación que desenvolven a súa actividade nas instalacións de que dispón para tal efecto. Os grupos de investigación son a unidade básica de organización e xestión da actividade investigadora onde, por razóns de coincidencia estable nos seus obxectivos, infraestruturas e recursos compartidos, converxen un conxunto de investigadores con capacidade plena para o desenvolvemento da actividade investigadora.

4. Os membros do Departamento poderán formar parte de grupos interdepartamentais e realizar as súas tarefas investigadoras en distintos centros ou servizos da USC (Museo de Historia Natural, IBADER, Xardín Botánico, Herbarios, Estacións Biolóxicas, etc.) de conformidade co que se estableza na normativa de aplicación.

5. O Departamento, ou os seus profesores, poderán promover contratos con entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas para a realización de traballos de carácter científico ou técnico e tamén para o desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordos coas normas e procedementos establecidos pola USC.

6. O Departamento manterá un rexistro da produción científica e de todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos seus membros no Departamento ou noutros centros ou servizos da USC. Para tal efecto, os profesores e investigadores do Departamento remitirán anualmente ó/á secretario/a do mesmo, información sobre a publicación de traballos científicos, a concesión de proxectos e contratos de investigación

(convocatoria, contía, equipos adquiridos, etc), e de bolsas e premios. Tamén deberán informar sobre as Liñas de investigación que desenvolven e, se procede, do persoal dependente deles así como todos os datos que consideren oportunos para a actualización do seu *curriculum* científico e académico, acreditados documentalmente.

7. O Departamento recollerá toda esta actividade nunha memoria anual.

8. O Departamento promoverá a divulgación da actividade investigadora realizada polos seus membros, a través dos medios que considere mais adecuados e sempre co acordo do grupo de investigación e dos centros e servizos implicados.

9. O Departamento asegurará a actualización e mantemento da web para a difusión e coñecemento público da actividade investigadora do mesmo.

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 21. Orzamento anual

1. Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, o/a director/a elaborará e presentará ó Consello de Departamento para a súa aprobación o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.

2. O/A director/a presentará ó Consello de Departamento o balance anual de peche de exercicio para a súa aprobación.

TÍTULO VI. DO PERSOAL

Artigo 22. Do persoal

1. O Departamento disporá dunha relación do persoal que realice tarefas nas súas dependencias.

2. As propostas de nomeamento de bolseiros e de contratación de persoal con cargo ós créditos xerais do departamento serán presentadas ó Consello de Departamento para a súa aprobación e tramitación.

3. As propostas de nomeamento de bolseiros e de contratación de persoal con cargo a fondos de proxectos de investigación deberán ser comunicadas na Secretaría polos profesores responsables.

TÍTULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 23. Reforma do regulamento

1. A iniciativa para a reforma do presente regulamento pode ser levada a cabo polo/a director/a ou a pedimento dun 15% dos membros do Consello de

Departamento. Neste último caso deberase cursar á Dirección do Departamento unha solicitude de reforma debidamente razoada, facendo constar nela o/s artigo/s que se van modificar, e asinada pola totalidade dos demandantes.

2. O/A director/a remitirá a proposta de reforma a cada un dos membros do Consello de Departamento e convocará unha sesión para tratar o tema. A proposta de revisión do Regulamento poderá ser aceptada por maioría simple.

3. De tomarse en consideración a proposta, abrírase un prazo de quince días lectivos para a presentación de emendas que serán discutidas nun novo Consello de Departamento. A proposta definitiva de reforma do regulamento deberá ser aceptada por maioría absoluta. No caso de ser rexeitada, os seus promotores non poderán presentar outra sobre o mesmo tema no prazo dun ano.

4. No caso de ser aprobado polo Consello, o novo texto será remitido ó Consello de Goberno da USC para a súa aprobación.

5. Cando unha reforma da normativa universitaria urxira a modificación dalgún artigo deste regulamento, será a Comisión Permanente quen redacte o novo texto e o someta ó Consello de Departamento para a súa aprobación. Neste caso será suficiente a maioría simple.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira: Corresponderá ó Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

Segunda: En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime Interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única: Queda derogado, no que respecta ó Departamento de Botánica, o antigo RRI do Departamento de Bioloxía Vexetal da USC a partir da entrada en vigor do presente Regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única: O presente Regulamento de Réxime Interno entrará en vigor o día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.